

ACTIVIDADES LEVADAS A CABO POLA ANPA

2.1.-CAMPAÑA RECOLLIDA DE XOGUETES USADOS

Este curso a ANPA promoveu unha actividade chamada "CAMPAÑA RECOLLIDA DE XOGUETES USADOS", na que se pretendía fomentar a solidariedade entre os escolares do centro cos demais nenos que non teñen xoguetes coma eles. Cada neno trouxo da súa casa algún xoguete usado, pero en bo estado. Os beneficiados desta iniciativa foron os pertencentes a Fundación "Adra" de A Coruña, e a actividade resultou moi enriquecedora para todos.

2.2.-NADAL.

No mes de decembro celebrouse a festa de Nadal, e a ANPA participou repartindo agasallos para tódolos nenos do colexio, incluíndo tamén os escolares das EEI de de Gontade, e Taboada. A ANPA encargouse tamén de chamar aos reis magos para que visitaran o colexio con agasallos para as nenas e nenos.

2.3.-CHARLA SOBRE CÓMO COMPRAR EFICIENTEMENTE NO NADAL.

Na última quincena do mes de decembro contamos cun membro da Xunta de Galicia encargado de impartirnos unha charla informativa sobre as compras do Nadal, sobre todo relacionadas coa compra de xoguetes. Esta actividade desenvolveuse no Local Social de Rus.

2.4.-DEPORTE ESCOLAR.

Como xa levamos facendo varios cursos, contamos con monitores do Concello de Carballo, que lle impartiron aos rapaces deportes tales como: Baloncesto, fútbol, volea..., e xogos tradicionais: Comba, goma, pañuelo, etc. Esta actividade foi levada a cabo os luns e venres ata o 31 de maio, no horario de lecer despois do xantar e nas instalacións do propio centro escolar. Durante os meses de abril e maio, todos os mércores fixeron competicións dos respectivos deportes entre os nenos do colexio. Ao final desta actividade, fíxose entrega duns diplomas acreditativos, trofeos e medallas aos rapaces participantes.

2.5.-FAVORECEMENTO DO TRABALLO EN EQUIPO.

Dende o mes de novembro ata finais de maio a ANPA desenvolveu esta actividade promovida polo Concello de Carballo e destinada aos escolares de 1º e 2º curso do primeiro ciclo de primaria, onde se tratou de que os nenos/as traballaran xuntos e en equipo, facendo manualidades, xogos participativos etc,. Foi impartida os xoves por unha monitora a través da empresa "Fesán", en horario de 15:45 a 17:45.

2.6.-CHARLAS EDUCATIVAS.

No primeiro trimestre do curso, tivemos a oportunidade de ofrecerlle aos escolares de 5º e 6º do terceiro ciclo de primaria, unhas charlas educativas sobre: Autoestima, presión de grupo, problemas derivados do alcohol, e sobre todo o cambio que para eles supón pasar de educación primaria a secundaria. Esta actividade foi impartida por profesionais da Asociación Vieiro.

2.7.-EN LA HUERTA CON MIS AMIGOS.

Este curso contamos cunha nova actividade denominada "EN LA HUERTA CON MIS AMIGOS" na que se trataban temas tan importantes como: Presión de grupo, autoestima, asertividade, etc, mediante unha serie de contos protagonizados por hortalizas. Esta actividade foi impartida por unha profesional da Asociación Vieiro e dirixida aos escolares que cursaron 3º e 4º curso.

2.8.-ESCOLA DE PAIS/NAIS.

A ANPA outro ano máis, promoveu a realización da Escola de Pais/Nais, impartida pola Asociación Vieiro. Foi os martes en horario de 19:30 a 21:00 horas e impartíuse no Local Social de Rus.

3.-ENTROIDO.

A ANPA do colexio colaborou na organización do festival do Entroido comprando os churros para a chocolatada típica desta data.

4.-DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Para celebrar o Día das Letras Galegas, a ANPA fíxolle entrega ao centro educativo dunha serie de agasallos para todas as s clases, incluíndo unha caixa de pelotas para xogar nos recreos. Este curso ademais contamos coa presenza do Mago Pablo, que tivo moi boa acollida entre o alumnado do centro.

6.-BANCO DE ALIMENTOS.

No mes de maio, levouse a cabo a campaña "Operación Kilo", que consistía en que cada escolar trouxera un kilo de alimento non perecedeiro, para o Banco de Alimentos, e así despois ser distribuídos entre a xente necesitada da comarca.

7.-BOMBEIROS.

No mes de maio os bombeiros de Carballo acudiron ao centro educativo para ensinalle aos rapaces de 5º e 6º como deben utilizar un extintor en caso

de incendio e informarlles de temas relacionados coas emerxencias.

8.-FIN DE CURSO.

Para a despedida do curso escolar contamos con inchables e música para tódolos escolares incluídos os nenos das Escolas de Educación Infantil de Gontade (Ardaña) e Taboada (Entrecruces). A festa celebrouse o día 22 de xuño en horario de 10 a 12 horas. Foi un éxito.